

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

ACTIVIDADE MAIO-DECEMBRO 2016

O Centro Dramático Galego é a unidade de produción teatral da Xunta de Galicia, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic)

Centro Dramático Galego

Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 111
centro.dramatico.galego@xunta.es
www.centrodramatico.gal
facebook.com/cdg.salonteatro

Comunicación. Agadic

Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
Tel. 881 996 073 / 092
prensa.agadic@xunta.es
www.agadic.gal
facebook.com/agadic

ÍNDICE

01	Presentación.....	04
02	Producción propia <i>Tartufo</i> , de Molière.....	06
03	Coproducción <i>O conto de inverno</i> , de William Shakespeare..... <i>Vida e morte de Daniel Faria</i> , a partir de Daniel Faria.....	10 14
04	Proxecto Nós <i>O mundo persistente</i> , de Fernando Epelde.....	18
05	Dramaturxente.....	23
06	Exhibición.....	24
07	Servizos.....	32

Hé quoi! Vous ne ferez nulle distinction
Entre l'hypocrisie, et la dévotion?
Vous les voulez traiter d'un semblable langage
Même honneur au masque qu'au visage?
Égaler l'artifice, à la sincérité;
Confondre l'apparence, avec la vérité;
Estimer le fantôme, autant que la personne;
Et la fausse monnaie, à l'égal de la bonne?

*Como! Acaso non faredes a menor distinción
Entre a hipocrisía e a devoción?
Queredes aplicarlles análoga linguaxe,
Rendendo o mesmo honor a persoa e personaxe?
Igualar o artificio á sinceridade?
Confundir a aparencia coa verdade?
Estimar a pantasma igual cá persoa
E a falsa moeda o mesmo cá boa?*

Tartufo, Molière

PRESENTACIÓN

Esta tempada é atípica no Centro Dramático Galego.

É atípica, primeiro de todo, porque se presenta en maio. Aínda que o CDG se mantivo con actividade grazas aos esforzos do seu equipo de produción e exhibición, na súa sede do Salón Teatro non tivo lugar presentación ningunha, á espera da incorporación dunha nova directiva.

É tamén atípica porque os tempos nos que se vai desenvolver, fóra das portas do teatro, son atípicos. Tempos de espera, tempos en funcións. A incerteza non fai máis que medrar se ollamos un pouco máis alá das nosas fronteiras e nos atopamos coa crise dos refuxiados, lonxe dabondo como para esquecer de cando en vez pero, aínda así, máis preto do que pensamos.

É, finalmente, atípica porque, coma no caso de calquera outro teatro, quere fuxir de ser típica. De típica a tónica hai unha soa vogal, e o teatro debería fuxir sempre dos tópicos para ocuparse dos arquetipos.

Na presente tempada fomos testemuñas de boas novas para o noso teatro.

Máis alá das estreas que certifican a boa saúde do teatro galego, puidemos comprobar unha vez máis o frutífera que é a tarefa que desenvolve a Escola Superior de Arte Dramática (ESAD) de Galicia. Tamén fomos testemuñas da fortaleza da Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG), que nos outorgou durante a cerimonia de entrega dos XX Premios María Casares, conducida con mestría pola compañía Chévere, os galardóns á Mellor Escenografía, Iluminación e Actriz Protagonista pola nosa posta en escena de *Xardín suspenso*. Puidemos observar o poder de convocatoria e representatividade de Escena Galega, que reúne a meirande parte das compañías da nosa terra, e asistimos á presentación da nova Asociación Galega de Dramaturxia DramaturGA. Este vigor da profesión é unha boa nova para todos nós: unha profesión forte é un axente de revitalización do Centro Dramático Galego, do mesmo xeito que un Centro Dramático Galego forte ha revitalizar a profesión.

A presente tempada chega con ganas ao Centro Dramático Galego.

Con moitas ganas de darlles continuidade a algunhas das iniciativas que comezaron en tempadas anteriores e de abrir vías de colaboración co sector profesional galego, con outras institucións culturais coas que compartimos intereses e con Portugal (colaboración materializada xa no Proxecto Nós, que seguimos fortalecendo nos ámbitos da coprodución e distribución).

Despois de falar cos diferentes colectivos vinculados ao ámbito escénico na procura dos nosos intereses comúns, e partindo do desexo de concretar o novo proxecto para o CDG o antes posible, propoñemos unha produción propia de gran formato que asuma a posta en escena dunha comedia clásica a cargo dun director máis que recoñecido na escena española. Con esta proposta, pretendemos propiciar o intercambio artístico dentro do ámbito teatral, por unha banda, e que os espectadores gocen, pola outra. Convivirán con ela dúas coproducións que apostan claramente por unha linguaxe de indagación escénica. Unha delas, parte dun autor xa consagrado como é Shakespeare; a outra, dun poeta non tan coñecido como é o portugués Daniel Faria. Ademais, ambas as dúas reforzan o noso vencello co país veciño ao estaren apoiadas por algúns dos teatros máis representativos da escena portuguesa. Ao carón delas, o Proxecto Nós, que este ano estreará un novo texto da dramaturxia galega, cuxa posta en escena será levada a cabo por un director galego máis que consolidado.

A presente tempada chega, pois, con moitas ganas de apoiar o diálogo interxeracional; de compatibilizar propostas máis convencionais coa experimentación, sen perder de vista as diferentes linguaxes escénicas; de apoiar a dramaturxia galega, con especial interese na escrita contemporánea, pero posibilitando a súa convivencia con textos máis clásicos; e de fomentar o teatro destinado ao público de máis curta idade, xa que este ha ser o público do futuro.

E así, entre ganas e ganas, entramos de cheo na presentación das actividades que vai desenvolver o CDG nos próximos sete meses, ata decembro de 2016.

Fefa Noia

TARTUFO

PRODUCCIÓN PROPIA

TEXTO: Jean-Baptiste Poquelin, Molière

DIRECCIÓN: Carles Alfaro

ENSAIOS: Do 1 de agosto ao 22 de setembro

ESTREA: 23 de setembro no Salón Teatro de Santiago de Compostela

FUNCÍONS: Do 24 de setembro ao 16 de outubro no Salón Teatro de Santiago de Compostela

XIRA: Do 17 de outubro ao 31 de decembro

Tanto Orgón, membro da alta burguesía parisiense, coma a súa nai, Madame Pernelle, atópanse baixo a influencia de Tartufo, un falso devoto que se erixe no seu director espiritual e que persegue, en realidade, ficar con todos os bens do seu protector. Ao mesmo tempo, este impostor trata de casar con Mariana, a filla de Orgón, mentres seduce a súa segunda muller, Elmira. A trama vaise complicando progresivamente coas intervencións de Damis (fillo de Orgón), Cleanto (irmán de Elmira) e Valerio (amante de Mariana), que son puntualmente comentadas dende o ácido punto de vista da criada Dorina.

Esta comedia de enredos, aparentemente lixeira, non só cumpre a función propia do seu xénero: divertir os espectadores, senón que posibilita unha segunda lectura sobre o que pode chegar a suceder cando un farsante se interpón entre o poder e quen o posúe co obxectivo de satisfacer os seus intereses persoais. Fálanos do alcance das aparencias, da cegueira que provoca non querer ver e das visións que substitúen a realidade.

Tartufo fálanos, en fin, do perigo que corremos nós e mais a nosa xente cando confundimos a hipocrisía coa honestidade e a honestidade coa hipocrisía.


Impostores: habelos, hainos

Impostores houbo e hai en todas as épocas, dende que o mundo é mundo. Hainos máis inocuos, que se conforman coa impostura dunha determinada pose de cara á sociedade. E hainos máis perniciosos, que non se contentan coa impostura en si mesma e aspiran a satisfacer obxectivos posteriores por medio dela. Sexan da natureza que sexan: habelos, hainos.

De aí a gran resonancia do texto de Molière nos nosos tempos. Por unha banda, Tartufo, un home que finxe ser alguén que non é para conseguir algo que non lle corresponde. Un home que, de tanto finxir, semella finxir que finxe; é dicir, un impostor que mantén tan ben a súa impostura que abre a paréntese da dúbida razoable con respecto á súa identidade. Por outra banda, as persoas enganadas, aqueles seres que cren cegamente nel. Xorden moitas preguntas en torno a eles: de onde procede a súa fe sen límites?, que clase de carencia perentoria os leva a substituír a percepción da realidade polas

visións de Tartufo? Finalmente, os que perciben a obscenidade do finximento, que mesmo son quen de ver máis alá del para descubrir a intención última deste falso devoto. Aparecen novas dúbidas respecto a eles: perseguen desenmascarar o impostor en tanto que impostor ou porque coa súa impostura defende outros intereses distintos aos seus?

Molière, novamente, asómbra-nos coa súa capacidade de análise de determinadas facetas da natureza humana, sen renunciar para facelo ao seu xénero predilecto: a comedia. Outra vez aparece na súa obra o finximento, coma unha sorte de teatro dentro do teatro ao que Jean-Baptiste Poquelin, en tanto que Molière, non pode renunciar. Unha vez máis, respírase no texto o recendo do teatro, coma uns acertados lentes a través dos que ollar a realidade presente, coma unha forma de vida que agarda ser vivida.



Jean-Baptiste Poquelin, Molière

O AUTOR

Jean-Baptiste Poquelin nace en París en 1622, no seo dunha familia burguesa. O seu pai, tapiceiro do rei, pode darlle unha esmerada educación nun colexio de xesuítas. Aos vinte anos, decide dedicarse ao teatro, pese aos prexuízos dunha época na que a profesión de actor estaba excomungada pola Igrexa francesa. En 1643 funda unha compañía coa familia Béjart e, para non deshonrar a súa familia, adopta o nome de Molière. Malia os seus esforzos, o proxecto fracasa e durante quince anos percorre as provincias francesas cunha compañía de maior entidade.

En 1658 regresa a París e ao ano seguinte obtén o seu primeiro grande éxito coa divertida farsa *As preciosas ridículas*, onde xa se albisca a comedia de caracteres que creará máis adiante. *A escola das mulleres* (1662) é a súa primeira obra mestra, coa que se gañaría o favor de Luís XIV. Os seus éxitos e a crítica de costumes das súas obras son causa de envexas, polémicas e poderosos inimigos.

En 1664, Molière escribe por encargo de Luís XIV unha primeira versión de *Tartufo*, onde critica os falsos devotos que se valen da relixión para aproveitarse da fortuna dalgúns incautos. Ante o escándalo que xerou, o rei xulga prudente prohibila, aínda que ao final permite a súa estrea, con modificacións, en 1669.

Molière consegue librarse dos continuos ataques grazas á amizade e protección do monarca francés. Esta década dos 60 será a época da súa madurez, coas obras que o converteron nun mestre do teatro universal: *Don Xoán*, *O misántropo*, *O médico a paus*, *O avaro*...

Nos seus últimos anos, inclínase de novo cara á comedia máis lixeira, coma *O burgués xentilhome* ou *O enfermo imaxinario*. En 1673, poucos días despois da estrea desta última obra, en plena representación, Molière séntese indisposto e morre ao cabo dunhas horas. Grazas á intervención do rei, púdoselle enterrar máis tarde no camposanto de Saint-Joseph, de noite e sen cerimonia.



Carles Alfaro

O DIRECTOR

Director de teatro e fundador da compañía Moma Teatre en 1982. É tamén actor, adaptador, escenógrafo e deseñador de iluminación. Fórmase como actor en Valencia, Madrid, Oslo e Nova York, e diplómase en Dirección Escénica na British Theatre Association Directors de Londres.

Coa súa compañía, Moma Teatre, produce espectáculos nos que desenvolve a súa faceta de director, actor e deseñador. Estes traballos fano merecedor do Premio de Teatros da Generalitat Valenciana, do Premio da Crítica e de premios de diferentes asociacións á Mellor Dirección entre 1993 e 2003. Fíxose, igualmente, con diferentes galardóns á Mellor Iluminación e Escenografía de espectáculos por obras coma *O caso Woyzeck*, *Cándido*, *A lección* ou *Nados culpables*. Dende 1997 ata 2004, dota a súa compañía dun espazo teatral en Valencia, o Espai Moma.

Carles Alfaro dirixe habitualmente para centros de produción públicos: Teatro de La Abadía, Centro Dramático Nacional, Compañía Nacional de Teatro Clásico, Teatro de la Zarzuela, Teatro Español en Madrid, Teatre Nacional de Catalunya, Teatre Lliure ou o Festival Temporada Alta (Xirona, Cataluña); mais tamén dirixe diferentes compañías privadas.

Entre os galardóns recibidos destacan: premios Max ao Mellor Espectáculo Revelación por *Nados culpables* (Moma Teatre, 2001), á Mellor Escenografía por *A caída* (Moma Teatre e Teatre Nacional de Catalunya, 2003), á Mellor Dirección por *O lindo don Diego* (Compañía Nacional de Teatro Clásico, 2014) e á Mellor Adaptación por *O estranxeiro* (Teatre Lliure, 2014). Obtivo tamén o Premio ADE da Asociación de Directores de Escena de España á Mellor Dirección por *A arte da comedia* (Teatro de La Abadía, 2010) e o Premio Ceres á Mellor Dirección por *¡¡¡Atchússss!!!* (Pentación, 2015), entre outros.

COPRODUCCIÓN O CONTO DE INVERNO

TEXTO: William Shakespeare

DIRECCIÓN: Marcos Barbosa

TRADUCCIÓN: Fernando Villas-Boas e Roberto Pascual

ELENCO: Ivo Alexandre, Carolina Amaral, Diego Anido, José Díaz, Fernando Epelde, Anabela Faustino, Borja Fernández, Alheli Guerrero, Marta Pazos e Hugo Torres

ESCENOGRAFÍA: William Shakespeare

VESTIARIO: Susana Abreu

ILUMINACIÓN: Pedro Vieira de Carvalho

MÚSICA: Manuel Fúria e Os Náufragos

PIANO: Luis Noain

VÍDEO: Jorge Quintela

COPRODUCCIÓN: Teatro Oficina CCVF de Guimarães, Teatro Municipal do Porto (Rivoli/Campo Alegre), Teatro Aveirense e Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

ENSAIOS: Do 1 de xullo ao 15 de agosto e do 7 ao 30 de setembro na Black Box da Fábrica ASA en Guimarães

ESTREA: 7 de outubro no Teatro Aveirense de Aveiro

FUNCIÓNS: Xaneiro no Teatro Oficina de Guimarães.

Xuño no Teatro Rivoli de Porto, dentro da programación do Festival Internacional de Teatro de Expressão Ibérica (FITEI). Xullo na Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

FUNCIÓNS NO SALÓN TEATRO: Do 12 ao 14 de xaneiro ás 20:30 h | 15 de xaneiro ás 18:00 h

Peza teatral escrita por William Shakespeare no inicio do século XVII e publicada por primeira vez no célebre Folio de 1623, a primeira compilación das obras dramáticas do poeta nacido en Stratford-upon-Avon. Foi clasificada entre os romances tardíos (ou traxicomédias) xunto a Pericles, príncipe de Tiro, A tempestade e Cimbelín. O conto de inverno divide a acción entre Sicilia e Bohemia, sen esquecer os encontros e reencontros fantásticos, maxia e sorpresa, nunha gama de situacións que vai da traxedia á comedia pastoral. A peza contén unha inspirada teatralización dunha obra en prosa, un vello conto, Pandosto, contado e publicado a finais do século XVI por Robert Greene, contemporáneo e rival de Shakespeare. Este texto, bastante popular na época, leva como subtítulo O triunfo do tempo, suxerindo xa un dos principais temas d'O conto do inverno, isto é, o do tempo como pai da verdade.

O noso conto por Marcos Barbosa

O conto de inverno exhibe algúns dos versos máis complexos de toda a obra de Shakespeare, incluíndo as grandes traxedias. Pertence á derradeira serie dos romances, pezas inspiradas no folclore intemporal dos contos moralizantes, que retroceden á Antigüidade, o que lles confire certo carácter de fábula e, simultaneamente, a autoridade do tempo. A peza non adoita apreciarse nin pola súa carga política nin polo seu cruel realismo, senón polo seu carácter de conto admonitorio, algo fantástico, sobre os males dos celos e sobre a enerxía renovadora que a Natureza lles concede a todas as reconciliacións.

A carga política adquire unha meirande intensidade se, coma Arthur Schnitzler, cremos que “as épocas nas que a verdade pode tornarse perigosa, non só para aqueles que a din senón tamén para aqueles que a escoitan, son profundamente doentes”. A esta luz, a fábula deixa de ser un desatino sentimental que entreteña a corte, como foi encomendada, e pasa a ser un ensaio arriscado sobre a tiranía na súa propia casa. Así a viu o ensaísta Jonathan Bate, que atopou nela un interrogante que só pode sernos próximo: “Ata onde poderá chegar un conselleiro —ou un dramaturgo, cuxas obras son montadas na corte—, dicindo as verdades que os seus superiores non queren ouvir?”.



William Shakespeare

O AUTOR

Naceu en Stratford-upon-Avon en 1564, onde morreu en 1616. Coñecido coma o “Bardo de Avon”, é considerado o escritor máis destacado da lingua inglesa e un dos máis célebres da literatura universal. As súas pezas dramáticas son traducidas a multitude de idiomas e represéntanse en todo o mundo.

En 1585 estableceuse como actor en Londres e uniuse ao grupo teatral The Lord Chamberlain's Men, renomeado máis tarde como The King's Men, co que actuaría en The Globe Theater. A publicación, en 1593, do seu poema *Venus e Adonis* foi un dos seus primeiros éxitos. Da súa produción poética posterior destacan *A violación de Lucrecia* (1594) e os *Sonetos* (1609), de temática amorosa, que o situarían entre os grandes da poesía anglosaxoa.

Con todo, foi a súa actividade como dramaturgo a que lle deu sona na época. A súa obra (en total 14 comedias, 10 traxedias e 10 dramas históricos) é un exquisito compendio dos sentimentos, a dor e as ambicións da alma humana. Comeza escribindo dramas baseados na historia de Inglaterra, como *Ricardo III* e *Henrique IV*. Nunha segunda etapa, adopta un ton máis cómico e alegre, é o caso d'*As alegres casadas de Windsor*, *A fera domada* ou *Soño dunha noite de verán*. E é nunha terceira etapa, cando publica as grandes traxedias e as chamadas “comedias escuras”: *Romeo e Xulieta*, *Hamlet*, *Otelo*, *Macbeth*, *Xulio César*, *O rei Lear* ou *Antonio e Cleopatra*.

Nas súas últimas obras, a partir de 1608, cambia de rexistro e introdúcese no xénero da traxicomedia, a miúdo cun final feliz no que se entrevé a posibilidade da reconciliación, como sucede en *Pericles* ou n'*A tempestade*. Shakespeare publicou en vida só 16 das obras que se lle atribúen. Posiblemente, boa parte da súa obra teríase perdido de non ser pola publicación, poucos anos despois da súa morte, do *Folio*, volume compilador que serviría de base para todas as edicións posteriores.



Marcos Barbosa

O DIRECTOR

Director artístico do Teatro Oficina en Guimarães dende 2008. Do seu labor como director destaca a procura de formas escénicas alternativas que pescudan a resonancia dos textos teatrais no presente. Entre as súas postas en escena cóntanse: *Variacións sobre os patos*, de David Mamet; *Pervertimentos*, de José Sanchis Sinisterra; *Oxímoro*, de Marcos Barbosa; *Un home sen adxectivos*, de Mario Cantú Toscano; *Silenciador*, de Jacinto Lucas Pires; *Traxedia, unha traxedia*, de Will Eno; *Delimvois*, de Rubén Ruibal; *Pigmalión*, de Pedro Mexia; *No cover*, de Luis Mario Moncada; *A febre*, de Wallace Shawn; *Amor*, de André Sant'Anna; *Un acto de comunión*, de Lautaro Vilo; *Título e escritura*, de Will Eno; e *Círculo de transformación no espello*, de Annie Baker.

Tamén levou á escena as óperas *Così fan tutte* e *Don Giovanni*, de Mozart; *A ópera dos tres reais*, de Kurt Weill; *Amor de perdición*, de João Arroio; e *Mumadona*, de Carlos Azevedo.

Entre os títulos de William Shakespeare que dirixiu, destacan *Macbeth* e *O rei Lear*.

COPRODUCCIÓN

VIDA E MORTE DE DANIEL FARIA

TEXTO/CREACIÓN: Pablo Fidalgo

ELENCO: Pablo Fidalgo e Bruno Senune

ESCENOGRAFÍA: Ana Borralho e João Galante

ASESORÍA ARTÍSTICA: Gabino Rodríguez

APOIO Á PRODUCCIÓN E CREACIÓN: Amalia Area

COPRODUCCIÓN: Teatro Municipal do Porto (Rivoli/Campo Alegre) e Teatro Nacional Dona Maria II de Lisboa

ENSAIOS: Do 13 ao 19 de xuño, residencia artística no Teatro Campo Alegre de Porto. Do 31 de outubro ao 6 de novembro, residencia artística no Espaço do Tempo de Montemor-o-Novo. Do 15 ao 18 de xaneiro, ensaios no Teatro Nacional Dona Maria II de Lisboa

ESTREA: 19 de xaneiro no Teatro Nacional Dona Maria II de Lisboa

FUNCÍONS: Do 19 ao 22 de xaneiro no Teatro Nacional Dona Maria II de Lisboa. Do 7 e 8 de xullo no Teatro Rivoli de Porto

FUNCÍONS NO SALÓN TEATRO: Do 25 ao 28 de xaneiro ás 20:30 h | 29 de xaneiro ás 18:00 h

Esta peza, esta investigación, esta viaxe nace dun desexo de reconstruír e comprender a vida dun poeta: Daniel Faria, todo un referente moral e un exemplo de vida. Un consolo e unha voz, o derradeiro gran poeta nado en Europa. Pablo Fidalgo leva traballando dende 2013 na biografía como forma teatral. Daniel Faria será o final deste ciclo.

A palabra transformadora por Pablo Fidalgo

Nun inicio pensamos sobre quen podería ser Daniel Faria hoxe, 17 anos despois da súa morte; quen podería asumir esa presenza impecable, esa voz, ese "rosto que há-de vir", esa promesa de verdade. Pero elixir alguén para interpretar a Faria sería un erro, obrigaríanos a facer a historia, cando o que desexabamos era que a vida e mais a paisaxe de Faria habitasen a nosa vida, nos interpelasesen, nos cuestionasen. Desexabamos que esa experiencia do mundo e do sagrado nos tocasse. Pero, como falar do que non se pode nomear? Como traer cara a nós a experiencia para a que non existen palabras nin descricións? Só tiñamos a explicación das árbores e os paxaros, das casas, da luz...

Comezamos a entender que as explicacións de Faria eran as relacións que tiña co mundo, co tempo, co sagrado. Deixamos de buscar a palabra exacta e comezamos a procurar a palabra pura, a palabra inicial. Esa palabra que lle dá sentido ao sagrado, a un tempo fóra do tempo, e que recoñecemos no ritual, na repetición e na poesía. A pureza e a nudez da primeira palabra, unha palabra previa á verdade, ao sentido ou ao erro. Unha palabra profé-

tica, unha palabra que comeza. Unha palabra que se nos impón coma unha luz, coma unha lucidez; que abre un camiño cara ao descoñecido, cara a un tempo excepcional; que vincula o home coa súa orixe, co mundo non racional, común ao salvaxe, á natureza.

Por tanto, decidimos que Faria non fose unha biografía, senón esa pescuda e esa transformación: unha viaxe, unha investigación para compartir, un documental escénico apoiado por imaxes dos lugares que habitou e amou, e poboado, por suposto, polas súas palabras. Deste modo, as aves, a casa, o pan, os traballos do campo, a luz, a noite e o día habitarán a escena. Todo o esencial (os ritmos da vida, o traballo, o sagrado) estará en escena dialogando con Daniel Faria, baixo esa luz que el buscou de forma incansable. Traballando con música, con repeticións, coa luz e o espazo, trataremos de crear ese tempo que el tanto buscou: o tempo excepcional, o tempo que nos limpa do mundo e nos leva cara a unha fe de hoxe, unha fe nun silencio profundo e nunha palabra transformadora.



Daniel Faria

Daniel Faria é unha das voces máis sorprendentes da poesía portuguesa actual. Para uns, poeta maior da lingua portuguesa; para outros, o maior poeta místico portugués do século XX.

Naceu en Baltar, unha pequena vila portuguesa, en 1971. Estudou Teoloxía na Universidade Católica e licenciouse máis tarde en Estudos Portugueses na Facultade de Letras da Universidade do Porto. Despois dos estudos, optou pola vida monástica e ingresou no mosteiro beneditino de São Bento de Singeverga, onde iniciou o seu noviciado. Publicou en vida os libros: *Unha cidade con muralla* (1991), *Oxálida* (1992), *A casa dos seitureiros* (1993), *Explicación das árbores e doutros animais* (1998) e *Homes que son coma lugares mal situados* (1998). Postumamente, publicáronse *Lenda para unha casa habitada* e *Dos líquidos*, ambos os dous no ano 2000. O poeta morreu despois dun accidente doméstico en 1999, pouco antes de terminar o seu noviciado, no mosteiro de Singeverga.



Pablo Fidalgo

O CREADOR

Escritor, creador teatral e comisario independente, nace en Vigo en 1984. Escribe os libros de poemas *A educación física* (Pre-textos, 2010) e *Os meus pais: Romeo e Xulieta* (Pre-textos, 2013), publicado tamén en portugués por Averno Editora. Gañou o Premio Injuve de poesía con *A retirada* (2012). Presentou o seu traballo en países e festivais de todo o mundo.

Creou as pezas teatrais *O estado salvaxe. España 1939* (2013) e *Has ir á guerra que comeza hoxe* (2015). Participou no proxecto PANOS de Culturgest (Lisboa, 2015) coa peza *Só hai unha vida e nela quero ter tempo para construírme e destruírme*, posta en escena polos artistas portugueses Ana Boralho e João Galante, con quen colabora de xeito habitual.

Foi comisario e coordinador de diversos ciclos de artes performativas para o Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO) e Alhóndiga Bilbao, ademais de ser o director artístico de Escenas do Cambio. Festival de Inverno de Teatro, Danza e Arte en Acción (Cidade da Cultura, Santiago de Compostela). Dende 2004 ata 2013 forma parte da compañía La Tristura.

PROXECTONÓS

O MUNDO

PERSIS

TENTE

TEXTO: Fernando Epelde

DIRECCIÓN: Tito Asorey

ELENCO: Germán Álvarez, João Cachola, Marta Dias,
Hugo Olim, Tamara Urbano e Vicente Wallenstein

ESCENOGRAFÍA: Miguel Costa

VESTIARIO: Sofia Rodrigues

ILUMINACIÓN: José Manuel Faro

AXUDANTE DE DIRECCIÓN: Javier Lojo

REXEDORÍA: Mariana Silva

COPRODUCCIÓN: Teatro Nacional São João de Porto,
Teatro Nacional Dona Maria II de Lisboa, Escola
Superior de Arte Dramática (ESAD) de Vigo, Escola
Superior de Música, Artes e Espectáculo (ESMAE) de
Porto e Escola Superior de Teatro e Cinema (ESTC) de
Lisboa

ENSAIOS: Do 4 ao 29 de abril no Teatro Nacional São
João de Porto. Do 2 ao 14 de maio na Escola de Arte
Dramática de Galicia en Vigo. Do 18 ao 31 de maio no
Salón Teatro de Santiago de Compostela

ESTREA: 1 de xuño no Salón Teatro de Santiago de
Compostela

FUNCIÓNS: Do 8 ao 12 de xuño no Teatro Carlos Alberto
de Porto. Do 15 ao 19 de xuño no Teatro Nacional Dona
Maria II de Lisboa

FUNCIÓNS NO SALÓN TEATRO: Do 1 ao 4 de xuño ás
20:30 h | 5 de xuño ás 18:00 h

Vinte minutos no mundo persistente equivalen a un día no mundo real. No espazo entre estas dúas medidas transcorren as vidas dos mozos protagonistas desta historia, que adoitan falar sempre entre eles enmarcados en pantallas, sen compartir espazos físicos.

O mundo persistente é tamén un termo do campo dos videoxogos que denomina os universos virtuais que sobreviven en ausencia do xogador.

Así que... agora, para estes mozos, o mundo persistente tornouse a única alternativa interesante fronte a un mundo exterior obsoleto e superado.

E todo semella non ter bordos neste mundo. E, por riba, as cousas flúen sen perturbacións nos videoxogos, ata que un destes mozos enferma e a mesmísima morte (unha morte de píxeles, aínda que morte ao fin e ao cabo) fai acto de presenza para poñerlle un pequeno paseo a través do mundo real na compañía dos seus amigos.

Un paseo para alguén que xamais camiñou.



O Proxecto Nós

O mundo persistente é a nova proposta xurdida ao abeiro do Proxecto Nós Territorio (Es)Cénico Portugal Galicia, rede de intercambio teatral co país veciño na que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria participa a través do CDG e a ESAD de Galicia.

Se a produción en 2015 de *Bilingue/Bilingüe* —espectáculo inaugural desta iniciativa— estivo coordinada dende Portugal, desta volta é o CDG o que lidera a posta en marcha deste segundo título do Proxecto Nós. Pola banda portuguesa, están implicadas a Escola Superior de Teatro e Cinema (ESTC) de Lisboa e mais a Escola Superior de Música, Artes e Espectáculo (ESMAE) de Porto, así coma os teatros nacionais D. Maria II e São João.

O obxectivo do Proxecto Nós é desenvolver unha rede de circulación de artistas novos, formados nas tres escolas participantes, nun contorno de traballo profesional, que incida, ao tempo, no impulso das relacións entre as escenas de Galicia e Portugal.

O mundo persistente e os mundos posibles por Tito Asorey

Un dos maiores praceres que se sente como director é a posibilidade de crear un mundo posible en escena rexido polas súas propias leis. Leis que se basean na creación de convencións que funcionen como código entre o que acontece por riba do escenario e o público que o está presenciando. Este luxo que nos ofrece o teatro permítenos a tentativa de analizar o noso universo nun espazo acotado, de escasos metros cúbicos.

Nas nosas primeiras conversas, Fernando Epelde e mais eu comezamos a precisar as temáticas que nos estaban a roldar pola cabeza neste momento das nosas vidas. Falamos entón da virtualidade, que semella ter cada vez máis presenza en nós (ata o punto de que todas as nosas conversas para este proxecto tiveron lugar a través dunha cámara web); dos recordos en papel dos nosos avós e avoas, que gardamos coma tesouros; de Henry D. Thoreau e a súa teoría sobre a desobediencia civil, o individualismo e o retorno á sinxeleza como motor de revolución persoal; da falsa sensación de liberdade que nos podían ofrecer os videoxogos; dese recorrente sentimento de nostalxia analóxica que por veces nos invadía aos que, debido á idade, aínda puidemos coñecer o mundo sen Internet.

Todos eses temas fóronse concretando dun xeito natural ao longo dos meses ata que foi nacendo *O mundo persistente*, un espectáculo creado para un equipo artístico conformado por mozas e mozos que están a finalizar os seus estudos en Arte Dramática en Vigo, Lisboa e Porto.

Traballar con actores novos é algo que sempre me resultou enormemente satisfactorio pola súa entrega, o seu gran desexo de xogar en escena e a súa capacidade de arriscar, sabendo que teñen todo por gañar e moi pouco que perder. Todas estas características pódense facer extensibles ás mozas e mozos que completan o equipo artístico, cuxas achegas, deseños e propostas fan que este mundo persistente se converta nun mundo posible.

O mundo persistente podería ser a historia (si, é desas pezas que contan unha historia) dunha cuadrilla de amigos que fai unha viaxe. Si, coma *Os Goonies*. Pode que sexa un intento de imaxinar un mundo futuro certamente distópico. Si, coma *Fahrenheit 451*. Tamén poderíamos dicir que é a historia dun revolucionario que trata de ofrecerlles aos rapaces un novo modo de ver o mundo. Si, coma *O club dos poetas mortos*. Quizais alguén vexa a historia do paso do interior do espello ao seu exterior, nun reverso da *Alicia* de Carroll, ou unha sorte de versión de *Peter Pan* e os seus nenos perdidos.

Ter a oportunidade de vivir esta creación foi un pracer inmenso. Agardamos que a mestura deste cóctel referencial sexa do voso agrado.

Se tiveses que debuxar un ser humano do século XXI... Unha explicación a *O mundo persistente* por Fernando Epelde

Se tiveses que debuxar un ser humano do século XXI, que debuxarías? Quizais as súas costas e a silueta do seu cranio, sempre recortada contra un gran plasma luminescente. Debuxarías a súa cabeza permanentemente descolgada sobre máis pantallas.

Se tiveses que retratar este home do presente, debuxarías máis pantallas ca carne. Debuxarías cristal, luz, plasma e teclas, pero apenas chegarías co teu lapis máis aló do busto. Se alguén do futuro vise este debuxo, podería pensar que quizais non tivéssemos pernas nesta época da historia ou que, se cadra, non as usabamos demasiado.

O mundo persistente é un texto que bebe do presente máis inmediato para construír unha historia universal coa mocidade como máximo atractivo, un texto protagonizado por personaxes novos para ser levado á escena por actores novos. Unha peza cargada de contrastes fortes, que contrapón a filosofía en movemento de Henry D. Thoreau coas novas tecnoloxías nas mans das xeracións que gobernarán o futuro, que presenta os feitos sempre dende a curiosidade e a poética, fuxindo do xuízo. Porque neste mundo persistente non existen nin bos nin maos, tan só distintas aproximacións a unha mesma idea de vivir.

O mundo persistente é un termo acuñado no universo dos videoxogos, que alude ás contornas virtuais cuxa actividade continúa en ausencia do xogador. Un mundo que non precisa de nós expresamente e que, paso a paso, vaille devorando terreo á realidade.

O mundo persistente é o noso mundo. E queremos deternos a entendelo en escena, a pesar de que deterse puidese parecer unha parvada a lombos desta inercia que nos empurra.

O mundo persistente é tamén una obra que xoga coa idea dun futuro distópico, para terminar falando dun presente no que as cousas non evolucionaron, senón que quedaron estancadas para caer sobre o espectador como un reflexo oscilante da súa propia inmediatez.

William Gibson, pai do *ciberpunk*, dicía que antes de abordar calquera novo dispositivo tecnolóxico procuraba ter a precaución de imaxinalo roto ou creando po, exposto no escaparate dalgunha tenda de empeños ou de segunda man.

É esta a perspectiva dende a que pretendemos mostrar o noso presente, coa precaución que esta celeridade absoluta esixe, minguados ante un sistema que non se detén aínda que ti decidas facelo.



Fernando Epelde

O AUTOR

Novo pero prolífico autor galego. O seu labor como dramaturgo relaciónase con outras disciplinas coma a música, o cinema ou o vídeo, ámbitos aos que se dedica tamén de xeito profesional. Resaltan na súa obra pezas coma *Drone* (Premio SGAE de Teatro 2014), unha comedia poliédrica que enfronta un artista salvaxe e auténtico co mundo da arte contemporánea na feira internacional ARCO de Madrid.

Por outra banda, *Street Art Symphony* (Proxecto Iberescena e Premio Abrente de Teatro 2014), cun alto grao de experimentación formal, está centrada no mundo da arte urbana, combinando unha parte textual con material en liña imprescindible para seguir o seu desenvolvemento. Así mesmo, *A cara pública* (Dramaturxias innovadoras do INAEM) é unha peza experimental a cargo de asistentes virtuais reais de Internet que abordan parte do diálogo.

Entre as súas publicacións cóntanse *Om, a música do Universo* (Premio Marqués de Bradomín 2009), *Vde. non está aquí* (Premio Tirso de Molina 2011), *Estado de graza* (Premio SGAE de Teatro 2012), *Caixa negra* (Txt71/Revista Galega de Teatro 2013) e *A guerra silenciosa* (finalista no Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico 2014).

No ámbito cinematográfico destaca o seu guión *O val inquietante* (2014), subvencionado pola Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) dentro das subvencións de creación para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego.



Tito Asorey

O DIRECTOR

Inicia a súa carreira como director de escena no ano 2000, colaborando con múltiples colectivos teatrais, entre os que destacan Tarumba, Muxicas (composto por actrices e actores invidentes) ou Teatro de Adro, con quen estrea *Ai Carmela!* en 2010. Entre 2013 e 2014 traballa como axudante de dirección na Compañía Nacional de Teatro Clásico nas montaxes *O lindo don Diego*, dirixida por Carles Alfaro; *A noite toledana*, dirixida por Carlos Marchena; e *A cortesía de España*, dirixida por Josep María Mestres.

En 2012 remata os seus estudos superiores en Dirección de Escena na ESAD de Galicia, e funda xunto a Melania Cruz, Fran Lareu, Fernando González e Laura Míguez a compañía ilMaquinario Teatro. Con eles leva á escena *O home almofada*, de Martin McDonagh, e *Perplexo*, de Marius Von Mayenburg.

Como actor, forma parte do elenco estable da compañía Sarabela dende o ano 2000 ata o 2010. No 2011 colabora con Ur Teatroa en *Macbeth*, dirixida por Helena Pimenta. En 2014 incorpórase ao reparto da serie de televisión *Serramoura*, da produtora Voz Audiovisual, emitida con grande éxito pola TVG.

Fíxose con tres Premios Buero de Teatro Joven e tamén co Premio María Casares ao Mellor Actor Secundario pola súa interpretación n'*A Esmorga* (2011). Con *Perplexo* (2015) consegue os María Casares á Mellor Dirección, Iluminación, Adaptación/Tradución e Mellor Espectáculo.

DRAMATURXIA GALEGA

DRAMA TURXENTE

Unha das liñas de acción do Centro Dramático Galego ten que ser o apoio á dramaturxia galega, prestando especial atención á creación contemporánea. Esta tempada, ademais, podemos darlle os parabéns pola creación da Asociación Galega de Dramaturxia DramaturGA.

A través do diálogo con este sector, esencial para a boa saúde do noso teatro, estamos a deseñar un programa de actividades que apoie, fomenta e promova a dramaturxia galega no máis amplo sentido da palabra.

Por unha banda, trátase de levar á escena textos de autoría galega, tal e como faremos na presente tempada no Proxecto Nós e nunha das nosas coproducións. Por outra banda, búscase o desenvolvemento de actividades doutra índole que aumenten a visibilidade dos dramaturgos e dramaturgas galegas, dentro e fóra de Galicia.

A primeira destas actividades será a organización dunhas xornadas sobre dramaturxia galega no presente ano, que nos axuden a definir e avanzar no desenvolvemento do devandito programa de actividades.

EXHIBICIÓN

O carácter atípico desta tempada maniféstase no aspecto cronolóxico, cando nos dispoñemos a expor os traballos que teremos o pracer de exhibir na sede do Centro Dramático Galego, o Salón Teatro de Santiago de Compostela. Se ben polo noso espazo pasaron algunhas das propostas máis representativas do que se ten feito nesta tempada, o presente documento exporá extensamente só aquelas propostas que están por vir. Porén, xa que non tivemos ocasión de presentar todos os traballos anteriores, si queremos facer un percorrido polo calendario de programación do Salón Teatro dende xaneiro pasado.

É a nosa intención programar as propostas escénicas máis representativas do panorama actual galego, de todos os xéneros e pensadas para todas as idades. Aínda que poñemos especial énfase no teatro, houbo e haberá cabida para a danza, a música e o cinema.

Concedémoslle especial importancia á programación infantil e agardamos poder reforzar a nosa aposta en futuras tempadas nesta dirección.

Finalmente, o escenario do Salón Teatro tamén permanecerá aberto para determinadas citas anuais que o vinculan co contorno no que habita. Eventos como Galicia Escena PRO, o festival de cinema Cineuropa, ou a Mostra de Teatro Universitario reforzan a colaboración con entidades culturais moi próximas a nós, tanto en contidos coma en localización. Poder albergar estas propostas non é só un pracer pola súa calidade e rigor, senón tamén pola nova perspectiva que nos achegan á hora de afrontar o noso traballo.

XANEIRO

Teatro
Venres 8
My Art Project *Querido Tomás*

Residencia
Do luns 11 ao venres 22
Voadora *Don Juan*

Teatro
Xoves 28
A escola da noite *A canoa*

FEBREIRO

Teatro
Sábado 13
Matrioshka *Manawee*
María Casares á Mellor Música Orixinal

Teatro
Do mércoes 17 ao domingo 21
A Panadaría *Pan Pan* e *Panamericana*
3 nominacións aos María Casares 2016

Teatro
Do venres 26 ao domingo 28
Lucecús Teatro *A órbita do lucecú*

MARZO

Evento
Martes 1
Nominacións aos María Casares

Teatro
Do venres 4 ao domingo 6
Artello *Non toques os meus círculos*

Música
Sábado 12
Xosé Constenla

ABRIL

Música
Venres 1 e sábado 2
Santiautor: *Escuchando elefantes* e
Adriana Moragues & Elvira Sastre

Danza
Domingo 3
La Macana *Invisible Wires*

Teatro
Mércores 6
Teatro do iceberg *Ijósio e outras cancións*

Cinema
Venres 8
Malasombra *D.E.P. Unha comedia de morte*

Teatro
Domingo 10
Pirilampo *Teatro de guiñol*

Teatro
Martes 12
Talía Teatro *Pelos na lingua*

Teatro
Sábado 16 e domingo 17
La Yogurtera *A forma das cousas*

Teatro
Do xoves 21 ao sábado 30
Mostra de Teatro Universitario

MAIO

Teatro
Domingo 1
Mostra de Teatro Universitario

Teatro
Do mércores 4 ao domingo 8
Voadora *Calypso*

Música
Luns 9
Emilio Rúa

Mesa coloquio
Martes 10
Foucellas, do mito á ficción

Teatro
Do xoves 12 ao domingo 15
Talía Teatro *Foucellas*

Portas abertas
Martes 17
Día das Letras Galegas

Ensaíos
Do mércores 18 ao martes 31
Proxecto Nós *O mundo persistente*

XUÑO

Estrea
Mércores 1
Proxecto Nós *O mundo persistente*

Funcións
Do xoves 2 ao domingo 5
Proxecto Nós *O mundo persistente*

Teatro
Do luns 6 ao xoves 9
Galicia Escena PRO

Cinema
Do luns 13 ao xoves 16
Mostra de cinema etnográfico

Teatro
Venres 17 e sábado 18
Down Compostela *Búscame ese tipo*

AGOSTO

Ensaíos
Do luns 1 ao mércores 31
Produción propia CDG *Tartufo*

SETEMBRO

Ensaíos
Do xoves 1 ao xoves 22
Produción propia CDG *Tartufo*

Estrea
Venres 23
Produción propia CDG *Tartufo*

Funcións
Do sábado 24 ao venres 30
Produción propia CDG *Tartufo*

OUTUBRO

Funcións
Do sábado 1 ao domingo 16
Produción propia CDG *Tartufo*

Música
Do mércores 19 ao domingo 23
Womex

Teatro
Do sábado 29 ao luns 31
Festival Agustín Magán

NOVEMBRO

Cinema
Do venres 4 ao domingo 27
Cineuropa

DECEMBRO

Danza

Do xoves 1 ao sábado 3

CCG *As catro estacións*

Teatro

Xoves 22, venres 23 e xoves 29, sábado 30

Teatro grande para os máis pequenos

XANEIRO 2017

Teatro

Sábado 7 e domingo 8

Teatro grande para os máis pequenos

Ensaíos

Do luns 9 ao mércores 11

Teatro Oficina *O conto de inverno*

Teatro

Do xoves 12 ao domingo 15

Teatro Oficina *O conto de inverno*

Ensaíos

Do luns 23 ao mércores 25

Materiais Diversos *Vida e morte de Daniel Faria*

Teatro

Do xoves 26 ao domingo 29

Materiais Diversos *Vida e morte de Daniel Faria*

O Mundo Persistente | Proxecto Nós

TEXTO: Fernando Epelde | **DIRECCIÓN:** Tito Asorey | **ELENCO:** Germán Álvarez, João Cachola, Marta Dias, Hugo Olim, Tamara Urbano e Vicente Wallenstein | **ESCENOGRAFÍA:** Miguel Costa | **VESTIARIO:** Sofia Rodrigues | **ILUMINACIÓN:** José Manuel Faro | **AXUDANTE DE DIRECCIÓN:** Javier Lojo | **REXEDORÍA:** Mariana Silva | **COPRODUCCIÓN:** Teatro Nacional São João de Porto, Teatro Nacional Dona Maria II de Lisboa, Escola Superior de Arte Dramática (ESAD) de Vigo, Escola Superior de Música, Artes e Espectáculo (ESMAE) de Porto e Escola Superior de Teatro e Cinema (ESTC) de Lisboa

+info pág. 18

Galicia Escena PRO | Agadic

O Salón Teatro alberga de novo unha parte importante de Galicia Escena PRO (GEP), o mercado galego das artes escénicas que cada ano organiza en Santiago de Compostela a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. A través dunha escolma de espectáculos de recente produción e dun programa de actividades paralelas, esta iniciativa tómallo o pulso á actualidade do sector en Galicia. Ao tempo, bríndalles aos seus profesionais unha plataforma desde a que expoñer os seus novos traballos diante do público xeral e dos programadores e demais axentes culturais.

Xunto coa súa faceta de exhibición, Galicia Escena PRO artículase como punto de encontro profesional que busca estimular a dinámica comercial do sector, así como a proxección social da creación escénica.

DATAS

Do 6 ao 9 de xuño

Mostra de Cinema Etnográfico | Museo do Pobo Galego

Proxección dos filmes seleccionados para a Mostra de Cinema Etnográfico organizada polo Museo do Pobo Galego. Poderanse ver propostas que teñan como intención primordial mostrar aspectos relacionados coas distintas realidades socioculturais e os xeitos de vivir e de entender a vida no seo dunha comunidade. Abrangue filmes que teñan como foco principal as persoas, os grupos sociais ou procesos históricos relevantes relacionados coa antropoloxía e a etnografía.

PROGRAMA SALÓN TEATRO

Luns 13

20:00 h. *Baratometraxes 2.0. O futuro do cinema feito en España*

21:30 h. *ViaCrucis Migrante, Bango, 56*

Martes 14

20:00 h. *District Zero*

21:30 h. *A seara*

Mércores 15

20:00 h. *Alpuxarras*

21:30 h. *As bágoas de África*

Xoves 16

20:00 h. *Spés, As pelotaris, Extremos*

21:30 h. *Tesouro de Corcoesto*

DATAS

Do 13 ao 16 de xuño

A entrada é de balde en todas as proxeccións

Búscame ese tipo | Down Compostela

TEXTO E DIRECCIÓN: Lucas Herrador | **AX. DE DIRECCIÓN:** Marta Hermida | **ELENCO:** Iván Allende, David Burés, Óscar Carril, Paula Fernández Suárez, Javier G. Cacharrón, Marta Hermida, Alex Lado, Elías Ledo, José María Lence, Daniel López, Marta López, Daniel Martínez, Daniel Pombo, Javier Prieto, Patricia Puente, Jesús Rey, Carlota Rodríguez, Carmiña Romero, Raquel Suárez, Elena Zas e Yone Zas | **VESTIARIO:** Blanca Villar e Josefa Cacharrón |

CARACTERIZACIÓN: Genma Rodríguez Pires | **ILUMINACIÓN:** Samuel Quelle | **DESEÑO GRÁFICO:** Rafael Romero Masía

DATAS

17 e 18 de xuño ás 20:00 h

Anos corenta, os detectives privados Elison e Rick son contratados por Peggy, unha muller fatal, para atopar un home. A súa investigación vese interrompida constantemente por múltiples personaxes, todos eles relacionados coa familia Vigata, a familia mafiosa máis importante da cidade.

O grupo de teatro Down Compostela está formado por mozas e mozos con Síndrome de Down e discapacidade intelectual (22 actores dun total de 26), alumnos do Ciclo Superior de Animación Sociocultural do IES de Pontepedriña, e por voluntarios sen discapacidade, apostando pola integración e normalización tamén no mundo do teatro. Os novos actores amósanse relativamente tranquilos, xa que teñen unha longa traxectoria sobre o escenario. Cada un deles vive o teatro de distinta maneira. Son moitos os membros desta compañía que, tras anos interpretando, queren dedicarse profesionalmente á carreira de actor ou actriz. Cinema, televisión, teatro e “incluso chegar a Madrid ou Hollywood” son as metas profesionais que se marca esta nova xeración de actores e actrices.

Tartufo | Centro Dramático Galego

TEXTO: Jean-Baptiste Poquelin, Molière | **DIRECCIÓN:** Carles Alfaro

+info pág. 06

Womex 16 [The World Music Expo]

WOMEX é o meirande encontro profesional para o sector das músicas do mundo, que inclúe unha feira profesional e uns 60 *showcases* (concertos). Atrai uns 2.500 delegados e 1.260 empresas de máis de 90 países, entre os que hai 800 programadores, máis de 500 selos, editores e distribuidores, así como máis de 300 xornalistas (e 130 emisoras de radio). Ademais, tamén acolle un DJ WOMEX Summit, conferencias e *mentoring* a cargo de 80 oradores e mentores de máis de 25 países, proxeccións de filmes etc.

Ao igual que na anterior edición galega de 2014, o Salón Teatro volverá ser un dos escenarios dos *showcases* nocturnos de Womex 16, que encherá Compostela de música durante cinco días para a que será a súa vixésima segunda edición. Womex está organizado pola empresa alemá Piranha Musik, con Nordesía Producións como socio local. Como entidades patrocinadoras figuran a Xunta de Galicia a través da Fundación Cidade da Cultura e a Agadic, o Concello de Santiago e Incolsa, entre outras.

DATAS

Do 19 ao 23 de outubro

Festival Agustín Magán 16 | Federación Galega de Teatro Afeccionado [FEGATEA]

Nado en 2001 co propósito de premiar as mellores montaxes teatrais dos grupos federados, o festival consolídase ano a ano na programación cultural do teatro afeccionado.

As obras que participan cada ano, seis en total, son seleccionadas por un xurado, e representan as propostas máis interesantes dos grupos federados das catro provincias galegas. Como premio non se entrega unha recompensa económica, senón a posibilidade de actuar na capital de Galicia e nun dos seus espazos de referencia: o Salón Teatro, sede do Centro Dramático Galego.

Esta 15.^a edición terá lugar os días 29, 30, 31 de outubro e 1 de novembro no Salón Teatro e o Teatro Principal de Santiago. Deste xeito, o festival actúa como estímulo á creación, á innovación e á mellora da calidade do teatro amator galego.

A comunidade galega de teatro afeccionado é unha das meirandes do territorio español, e FEGATEA, integrada por 52 grupos das catro provincias e máis de 600 persoas, conforma a entidade máis representativa do teatro amator galego, afianzándose como axente cultural imprescindible para a creación de novos públicos e a promoción da cultura e a lingua galega.

Ao longo dos seus 15 anos de historia foi ampliando e consolidando un espazo propio para o teatro afeccionado galego. Procura, por unha banda, a mellora da calidade do teatro amator a través da formación. Por outra banda, estimula a ampliación, diversificación e mellora dos espazos destinados ao teatro, traballando na proxección nacional e internacional do teatro amator galego. Todo isto a través de actividades xa consolidadas como a Mostra Fegatea Móvete, o Festival Agustín Magán, o Circuito Galego de Teatro e os festivais organizados ao abeiro da Plataforma Transfronteiriza PLATTA; actividades que, no seu conxunto, superan os 8.000 espectadores anuais.

DATAS

Do 29 ao 31 de outubro ás 21:00 h

CINEUROPA | Concello de Santiago de Compostela

Dende o ano 1988 Compostela vive a súa peculiar cita cinéfila. Cineuropa é cinema en estado puro. É probablemente o certame de meirande duración temporal do circuío: durante todo o mes de novembro pásase revista ao mellor cinema da tempada, dende os premios de Cannes, Berlín, Venecia ou San Sebastián, ata o pequeno cinema alternativo, reunindo os grandes nomes, os novos realizadores, o xénero documental e a proxección de copias especialmente restauradas para este festival non competitivo, alleo aos intereses económicos, pensado exclusivamente para deleite do espectador.

DATAS

Do 4 ao 27 de novembro

As catro estacións | Centro Coreográfico Galego

DATAS

1, 2 e 3 de decembro ás 20:30 h

As catro estacións é un referente dentro da música barroca. Trátase dunha obra descritiva que evoca, a través dos elementos da linguaxe musical, distintos aspectos das estacións do ano, apoiándose na danza para propiciar unha meirande comprensión por parte do público.

Por medio da danza, os bailaríns transportarannos a cada unha destas estacións acompañados pola música, tan descritiva, de Vivaldi.

O Centro Coreográfico Galego é un centro público de creación, produción, formación e investigación para o desenvolvemento da danza en Galicia. Dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Agadic, funciona como un núcleo de diálogo e de interacción cultural, un espazo no que as principais linguaxes artísticas teñen cabida para enriquecer e favorecer o desenvolvemento. O seu principal obxectivo é fomentar a interacción entre os artistas e o público achegando a arte á cidadanía dun xeito normalizado.

Gran teatro para os máis pequenos

Aproveitando que os nenos saen ás rúas en Nadal, deseñaremos a nosa programación infantil para que entren ao teatro. Faremos un gran teatro para os máis pequenos.

DATAS

22 e 23, 29 e 30 de decembro, e 7 e 8 de xaneiro

O Conto de inverno | Coprodución CDG

TEXTO: William Shakespeare | **DIRECCIÓN:** Marcos Barbosa | **TRADUCCIÓN:** Fernando Villas-Boas e Roberto Pascual | **ELENCO:** Ivo Alexandre, Carolina Amaral, Diego Anido, José Díaz, Fernando Epelde, Anabela Faustino, Borja Fernández, Alheli Guerrero, Marta Pazos e Hugo Torres | **ESCENOGRAFÍA:** William Shakespeare | **VESTIARIO:** Susana Abreu | **ILUMINACIÓN:** Pedro Vieira de Carvalho | **MÚSICA:** Manuel Fúria e Os Náufragos | **PIANO:** Luis Noain | **VÍDEO:** Jorge Quintela | **COPRODUCCIÓN:** Teatro Oficina CCVF de Guimarães, Teatro Municipal do Porto (Rivoli/Campo Alegre), Teatro Aveirense e Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

+info páx. 10

Vida e morte de Daniel Faria | Coprodución CDG

TEXTO/CREACIÓN: Pablo Fidalgo | **ELENCO:** Pablo Fidalgo e Bruno Senune | **ESCENOGRAFÍA:** Ana Borralho e João Galante | **ASESORÍA ARTÍSTICA:** Gabino Rodríguez | **APOIO Á PRODUCCIÓN E CREACIÓN:** Amalia Area | **COPRODUCCIÓN:** Teatro Municipal do Porto (Rivoli/Campo Alegre) e Teatro Nacional Dona Maria II de Lisboa

+info páx. 14

SERVIZOS

Residencias artísticas

Nesta tempada retomaremos o programa de residencias artísticas como unha forma máis de apoiar as propostas escénicas galegas. Os espazos e o persoal do Salón Teatro están á disposición para estas estancias de duración variable, dependendo das necesidades das compañías solicitantes. A cesión estará suxeita á dispoñibilidade nas datas do pedimento.

Cesión de materiais

Os fondos do CDG están á disposición daquelas entidades que os soliciten. O préstamo estará suxeito á dispoñibilidade dos fondos no momento do pedimento.

Salón Teatro

Visitas guiadas

Ofrécense visitas guiadas polo Salón Teatro a grupos (mínimo de 10 persoas) para achegar o edificio e a súa actividade ás persoas interesadas.

Descontos*

O CDG continúa coa súa política de prezos na procura de facilitar o acceso ao teatro a todos os públicos.

65 % Funcións escolares

60 % Grupos (a partir de 10 persoas, previa reserva e con necesidade de organizar algún sistema de transporte)

50 % Grupos (a partir de 10 persoas, previa reserva)

40 % Maiores de 65, parados, titulares de Carné Xove, de Estudiante ou Familia Numerosa

40 % Profesionais das Artes Escénicas e xornalistas

50 % Día do espectador (domingo)

50 % Bono 6 entradas

*Os descontos non son acumulables. O día do espectador quedan anulados outros posibles descontos.

CDE